



Nomes e Voces  
Proxecto de Investigación  
Interuniversitario



## CONGRESO INTERNACIONAL SOBRE MEMORIA DA GUERRA, RECONCILIACIÓN E CULTURA DE PAZ

O Proxecto de Investigación Interuniversitario “Nomes e Voces”, dirixido polo catedrático de Historia Contemporánea da USC Lourenzo Fernández Prieto, organiza o **Congreso Internacional sobre Memoria da Guerra, Reconciliación e Cultura de Paz** (do 13 ao 15 decembro de 2010) no marco do Foro 2010 ([www.foro2010.org](http://www.foro2010.org)).

Este congreso ten como obxectivo reunir durante tres días a recoñecidos profesionais, especialistas no estudo histórico e xurídico dos procesos de paz e reconciliación que, xunto ás vítimas de procesos represivos, analizarán en perspectiva as diferentes experiencias no referente á superación de conflitos bélicos e ditaduras e as políticas transicionais levadas a cabo desde os diferentes gobernos. Tamén terá cabida no congreso o punto de vista das vítimas e as accións que levan a cabo as asociacións de familiares de represaliados que están traballando na recuperación da memoria daqueles que sufriron a represión. O congreso pretende prestar especial atención ao fenómeno no Estado Español, Europa e Latinoamérica, así como as consecuencias xurídicas destes procesos e a lexislación que deriva deles.

Todas estas realidades serán abordadas en diferentes mesas de debate con participantes de recoñecido prestixio. Os temas amosados son: *O tratamento histórico-comparativo das reconciliacións no mundo. O pasado incómodo no estado español*, que contará entre outros con Gabriele Ranzato (Catedrático de Historia Contemporánea da Facultade de Filosofía e Letras da Universidade de Pisa) e Julián Casanova (Catedrático de Historia Contemporánea. Universidade de Zaragoza); *O tratamento histórico-comparativo das reconciliacións no mundo. O pasado incómodo en Europa*, con Ludger Mees (Profesor na Universidade do País Vasco), e Manuel Loff (Profesor da Universidade de Porto) entre outros; *O tratamento histórico-comparativo das*



Nomes e Voces  
Proxecto de Investigación  
Interuniversitario



*reconciliacións no mundo. O pasado incómodo en Latinoamérica*, con Luís Alberto Romero (Profesor de Historia Social General, na Facultade de Filosofía e Letras da Universidade de Bos Aires) e Maria Luiza Tucci (Profesora da Universidade de Sao Paulo); *Reconciliación e esquecemento. Xenocidio, xustiza transicional e reparación xurídica*, con Joan Josep Queralt Jiménez (Catedrático de dereito, UAB), Salvador Eduardo Menendes Leal (Procurador de Derechos Humanos de la República del Salvador) ou Silvia Fernández (Coalición Internacional de Sitios de Conciencia); *A recuperación cívica das memorias. O pasado oculto desde a sociedade*, con Cecilio Gordillo (Todos los nombres Andalucía), José M<sup>a</sup> Pedreño (Foro por la memoria) ou Manuel Monge (CRMH A Coruña), *Memoria e Arquivos*, con Victor M. Santidrián Arias (Fundación 10 de marzo) ou Silvestre Lacerda (Torre do Tombo, Portugal); *Construíndo o pasado. Investigación e políticas públicas da memoria* con Jordi Guixé i Corominas (Memorial Democratic de Catalunya), J. Aróstegui (Cátedra "Memoria Histórica del siglo XX". Universidad Complutense) ou Boaventura de Sousa Santos (Centro 25 Abril), *Construíndo o pasado. A investigación do pasado incómodo* con Ángela Cenarro (Universidade de Zaragoza) ou Irene Díaz (Grupo de investigación de Asturias, U. de Oviedo).

Entre as personalidades que asistirán como conferenciantes atópase Nicolás Sánchez-Albornoz, historiador, represaliado e fillo do último presidente da República no exilio, así como con destacados estudosos da represión.

---

**Se desexan recibir máis información, por favor contactar con:**

Gustavo Hervella e Chus Martínez, Secretarios do Congreso  
Proxecto Interuniversitario "Nomes e Voces",  
Residencia Monte da Condesa, 2º andar  
Tel. +34 981 563 100, ext. 13598  
[memoriaguerracivil@usc.es](mailto:memoriaguerracivil@usc.es)  
[www.nomesevoces.net](http://www.nomesevoces.net)